

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE LOITA CONTRA A FRAUDE DO ORGANISMO INTERMEDIO DE XESTIÓN (OIX) DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA

Introdución

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, na súa calidade de organismo Intermedio de Xestión (OIX) no Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027), é unha unidade integrada na Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Un dos principais obxectivos é reforzar, dentro do ámbito das súas competencias, a política antifraude. Por iso quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e a corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros do seu equipo asumen e comparten este compromiso.

Os empregados públicos que integran o OIX teñen, entre outros, os deberes de "actuar conforme aos principios de legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes" (Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, artigo 73).

O obxectivo da política antifraude deste OIX é promover unha cultura que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a prevención e detección da fraude e o desenvolvemento de procedementos que sexan efectivos na investigación de fraudes e delitos conexos, e asegurarse de que tales casos son tratados oportuna e apropiadamente.

Para iso, este OIX dispón dun Plan específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude, o cal asume como propias as directrices manifestadas no Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, e ten por obxecto poñer en marcha medidas eficaces e proporcionadas contra a fraude, baseadas nunha avaliación do risco de fraude para detectar operacións de risco.

O plan inclúe a aplicación das seguintes medidas:

- Medidas de prevención, coa declaración institucional de compromiso de tolerancia cero contra a fraude, a formación dos directivos públicos e os restantes empregados públicos e cun sistema de prevención de conflitos de intereses.
- Medidas de detección, con procedementos para denunciar irregularidades ou condutas de fraude que puidesen detectarse, coa habilitación dunha canle interna de comunicación de información en materia de integridade institucional, *Canle de denuncias* da Xunta de Galicia.



- Medidas de corrección, coa comunicación das irregularidades detectadas aos órganos competentes e a análise da incidencia dun eventual incidente de fraude e a aplicación, no seu caso, de medidas correctoras.
- Medidas de persecución, co establecemento dun protocolo interno a seguir coas informacións recibidas a través da *Canle de denuncias* e, de ser o caso, darlles traslado ao Ministerio Fiscal, á Fiscalía Europea, ao Consello de Contas, ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, á OLAF, ou aos tribunais de xustiza segundo proceda.

No caso de que se materialice un acto contrario ao sistema de integridade, analizaranse os feitos ocorridos e determinaranse as modificacións que deben realizarse na estrutura e nos procesos de control.

Conclusión

O OIX ten unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción, e comprométese coa prevención e a detección, na medida do posible, dos actos de fraude e corrixir o seu impacto, en caso de producirse.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña
Asinado electrónicamente

